


úm. 6

Tomo 5.

nóis





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península 8'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 .
Número solto 0'70 .

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinas qu'as que foran directamente solicitadas pola Dirección. Tampouco se fai solidaria das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Canção leda, por BLANCO AMOR.
Santiago na Bretaña, por CASTELAO.
As sombras nais, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Dedalus en Compostela (Pseudoparáfrase), por VICENTE RISCO.
Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI



Ourense 25 de Xulio do 1929



Núm. 67

CANZÓN LEDA

.....
Baillaba corpo belido
que nunca uovera amigo
¡Amor ei!

Baillaba corpo delgado
que nunca uovera amado
¡Amor ei!

MARTÍN CODAX

*Choutan ledicias no prado
—florido de tí quedei—
que s'escache o sol dourado.
¡Amores ei, amores ei!*

*Agroma o prado ledicias
—por tí e por mín, ben o sei—
o sol ouro para albricias.
¡Amores ei, amores ei!*

*No estuche d'un prado d'ouro
gardas, que ben cho mirei,
un non tocado tesouro.
¡Amores ei, amores ei!*

*Ledicias no prado choutan
—¡canta tí que eu bailarei—*

*i-os dedos do sol f'apoupan.
¡Amores ei, amores ei!*

*Pra que os teus labios maduren
un sol novo che darei
—pra que os meus bicos aturen—
¡Amores ei, amores ei!*

*O prado a florir de soles
que pra tí seiturarei,
cando en meus brazos f'arroles.
¡Amores ei, amores ei!*

.....
*Ledo s'alporice o prado
que do teu prado gostei
nun leito de sol dourado...
¡Amores ei, amores ei!*

BLANCO AMOR



SANT'IAGO NA BRETAÑA

POR CASTELAO.


Nas miñas andanzas por Bretaña a cata de cruces de pedra e nas poucas lecturas que podo facer, pol-o cativo estado dos meus ollos, atopo tanta fartura de lembranzas en col das pelengrinaxes a Compostela, que me arrisco a publicar iste traballo, nada mais que para aguilloar ós nosos novos traballadores. Ben sabido é que eu abafo no ambiente das bibliotecas e non viñen á Bretaña para remexer libros e papeles; mais o tempo está podre, chove a fío, e dá gusto enfiar palabras ó amor d'unha fiestra branca... Imaxínade, rapaces, o que tal pode haber eiquí e o que tal vos espera se víndes.


Os bretóns armoricanos foron sempre moi dados ás grandes pelengrinaxes e dispois da que chamaban o «Trou-Breiz», que consistía en visitar as cinzas dos seus sete Santos Bispos evanxelizadores da Armórica e creadores da nación bretona, a mais popular foi a pelengrinaxe a Sant'Iago de Compostela. Os bretóns alá ían en greas por mar e por terra, e isto pódeno atestiguar d'abondo as cantigas e tradicións populares recollidas. Apenas hay libro referente ó pasado de Bretaña onde non xurda algunha lembranza de Sant'Iago.

Sabido é que os bretóns veneran santos que non figuran nos calendarios, santos inventados pol-a súa imaxinación celta e canonizados pol-a súa piedade cristián, santos da súa raza sempre; mais o noso Sant'Iago foi tamén un santo bretón, coma calisquera dos vellos taumaturgos celtas arribados da Bretaña insular, porque tamén andivo por istas terras a conquistar almas, según contan as lèndas. Velahl unha: O río Vilaine, dende Redon ó mar, aparece dispois de fortes temporais, c'unha cinta d'escumas que vai pol-o meio do leito do río, e os habitantes de Rieux ollan ista fenómeno con certo temor porque ista cinta d'escumas é o *camiño de Sant'Iago*. Cóntase que unha vez O Apóstolo remontaba o río camiñando por enriba das augas, e que estaba tan canso que quixo repousar en Rieux, que era unha vila grande; mais os habitantes d'ista vila eran uns *hugonotes* e non lle consentiron descansar. Entón o Santo alritouse e berrou en ton profético: —«Ou vila de Rieux, tí serás destruída!»—e seguindo seu camiño marchou a fundal-a vila de Redon. E foi por iso que en desagravio se lle erguen a capela que leva o seu nome (*Paul Sébillot, «Petite Légende Dorée de la Haute Bretagne», Nantes, 1897*).

O estraordinario está en que moitas veces o noso Apóstolo foi preferido ós santos do país. Abonda lembrar que Sant'Iago é o patrón dos mariñeiros. ¡Patrón dos mariñeiros de Bretaña! Coma se dixésemos patrón do mais arriscado, do mais grorioso; porque cando os mariñeiros bretóns escolleron por patrón a Sant'Iago eran os donos do mar. Outra vez o noso Apóstolo derrotou ós santos do país, como ten pasado por enxemplo en Loquerec, perto de Morlaix. Conta Le Braz que amostrándose desconforme con que o culto a San Kirek fose substituído pol-o culto a Sant'Iago respondeulle unha vella:

—San Kirek non foi mais que un Bispo e Sant'Iago foi un Apóstolo de Cristo. Un día, ou cicais unha noite, uns mariñeiros d'ista costa ollaron unha barca estrana, que tiña





unha forma de artesa e que camiñaba envolta n'unha nube lumiosa. Viña car'a riveira, contra vento e marea, sen velas, sen homes, sen timón. Cando arribou achegáronse as xentes e viron deitado no fondo da barca o corpo d'un monxe vestido c'un traxe de pelengrino. Os mariñeiros que tiñan viaxado por fora recoñeceron a Sant'Iago e dixerón: —«É Sant'Iago de España ou de Turquía que ven para facer miragres na nosa feligresía. Recibámolo con respecto xa que Kirek vai indo moi vello». E dende entón vive antre nós y é honorado coma patrón da feligresía (*A. Le Bras. «Les saints Bretons d'après les traditions populaires». Annales de Bretagne. T. XI, n.º 2, 1896*).

En chegando a iste punto xa temos que decir que os bretóns chamaban moitas veces ó noso Apóstolo *Sant Jakes an Turkes*. (Sant Yago de Turquía) e compre que falemos d'isto. Cando Luzel recolleu de boca d'unha mendicante a cantiga que vai ó remate d'iste traballo, estranouse do nome que lle aplicaba ó Apóstolo e ó publicala no ano 1868 aínda non sabía dar ningunha razón de tal alcume. Algún tempo despois Le Men, dirixíndose ó sabio investigador bretón, di que descubriu na pequena eirexa de Pouldavid un *Sant'Iago de Turquía*, c'un bordón na man e vestido con roupa de pelengrino adornada con cunchas de vieira; di que a imaxe leva enriba da cabeza unha ferradura fixada na punta d'unha vara metálica (1) e pergúntase se non será unha reminiscencia da lua turca «Velahí a evidencia de lembranzas que datan da época da dominación dos mouros na Hespaña» (*«Revue celtique». París, 1870-1872. T. I, p. 230*). Luzel volve a falar do caso; mais aínda está dubidoso. Di que non sabe de onde pode provir a tal denominación; mais o caso é—di—que Sant'Iago está representado nas eirexas bretonas tendo na man tenazas, útiles ou atributos que mais parecen convirle a San Eloi, patrón dos ferradores de cabalos. A verba bretona *turqués, ann durqués* significa tenazas; cada metade d'unha tenaza representa bastante ben unha lúa mingoante na súa estremitade mordente, e isto pode sere a lúa crecente musulmán que os pelengrinos bretóns ollaban aeito na Hespaña e que por iso quixeron figurar eisi nas maus d'un santo que íles creían de orixen turco (*«Bulletin de la Société Archéologique du Finistère». T. XIII, p. 281. Quimper, 1886*). O caso certo é que a Hespaña era o país dos mouros e as verbas *mouros e turcos* remexéronse tanto no maxín dos bretóns que remataron por confundirse. Non se chamaba *Sant'Iago o turco* senón *Sant'Iago de Turquía*. Era simplemente un alcume dirixido ó país en que se encontraban as cinzas do Apóstolo, como alcuman *hugonotes* ós malvados, como se adoita a chamar *bárbaros* ós forzudos. O das ferraduras e ferramentas de ferrador terá algunha relación cos feireantes de cabalos? porque compre decir que os que viñan a mercar cabalos ou ben eran da Normandía ou da Hespaña. Para que se vexa como Hespaña era un país lonxano e misteirioso a causa dos mouros velahí vai unha cántiga popular onde se di que os feireantes proceden do país dos *carrigáns* (seres misteirosos e malinos que viven nos dólmenes)

*Hon-man zo ur balic a zo er
Ha 'n ve ket canet goall aliez
Deut euz ar vro ar c'horriganed
Gant ar marc'hadourien rouseed*

Velahí un bailiño doado
E que non se adoita a cantar
Veu do país dos *corrigan*s
Cos feireantes de cabalos

(R.—F. Le Men. «Traditions et Superstitions de la Basse-Bretagne». *Revue celtique. T. I*).

(1) Despois de ter rematado iste traballo caín en Pouldavid, n'un viaxe que fixen por terras de Douarnenez, e vin ó noso Apóstolo na eirexa. Non é certo o que di Le Men. Sant'Iago, que é o patrón da feligresía, non ten ningunha ferradura enriba da súa cabeza; colgan d'un ferro espetado na columna de pedra en que aparece o Santo e por riba da súa cabeza: un forcado de ferro, un grillón aberto e outro cerrado; as tres cousas penderadas de grosas cadeas. O cura da feligresía díxome que en Pouldavid estaba a cárcere mais temible de toda Finisterre e que Sant'Iago era o Santo mais adourado pol-os presos e que un grillón cerrado e outro aberto queren decir que o Apóstolo libertaba ós prisoelros. Falei c'unha monxiña moi vella e díxome que aqueles ferros pendurados enriba da cabeza de Sant'Iago son os instrumentos con que o martirizaron.—«Os mesmos?»—pergunteille eu.—«Si, si; os mesmos!»—respondeume—. Ben certo é que a imaxinación celta é insuperable.

Compre decir que confirmei como moitas veces chamaban Sant'Iago de Turquía ó noso Santo; pero xa leve visto varias imaxes do Apóstolo e aínda non-o vin en ningunha coa ferramentas de ferrador, nin cousa semellante; pero... poida que...

En lingua bretona a *via láctea* sigue chamándose *camiño de Sant'Iago* (*Hent Sant Jakes*) e das pelengrinaxes que os bretóns facían a Compostela na Edade Meia, quedaron lembranzas a barullo. Velahí tendes un grabado en madeira feito no século XVIII, onde se representa o Apóstolo con esceas das pelengrinaxes ó seu redor, e antre ela a do miragre do aforcado. Iste grabado bretón é un dos poucos que se conservan, pois ista clás de estampas pegábanas nas paredes ou no fondo das liteiras de durmir, e agora non hay maneira de formar unha colección que poida dar idea da importancia d'ista manifestación do arte popular. Pol-a inscrición do grabado sábese que o autor é *Jean Iul* e por outro grabado seu sábese que vivía en Douarnenez, supoñéndose que se trata simplemente d'un tallista de madeira que co seu coitelo tanto decoraba liteiras de durmir como grababa planchas para estampas (*P. L. Duchartre et R. Saulnier. «L'imagerie populaire». París, 1925, páxina 302*).

Nas tres clases de moimentos característicos do arte bretón (Capelas, Calvarios e Fontes sagras) aparece o noso Apóstolo repetidamente.

Hay varias Capelas e cirexas adicadas a Sant'Iago, podendo citar antre outras intresantes unha do século XIII, que é un exemplar fermoso do primeiro estilo gótico, situada en Pleneuf (*P. Gruyer. «Chapelles Bretonnes», París*).

No calvario de Tronoën hay un Sant'Iago ó pé da cruz do bó ladrón. Iste calvario é do século XV, o mais antigo de todos e o que sirveu de modelo ós demais; érguese ó pé d'unha fermosa capela do mesmo tempo, n'unha imensa desolación de terra que se perde na imensa desolación do Atrántico (eu gardarei d'istes dous moimentos unha das impresións mais punxentes da miña vida). Pois ben; tan estrana aparece alí a figura de Sant'Iago antre esceas que representan a pasión de Xesucristo, que fixo perguntar a un autor se a fundación da Capela e o calvario serán debidas a un voto de pelengrinaxe a Compostela (*Alexandre Masseron. «Quimper, Quimperlé, Locronan, Penmarc'h, París, 1928*).

Antr'as fontes sagras do que hay sementadas por istas terras, adicadas sempre ós santos bretóns, podemos citar a Fonte de Sant'Iago, en Tremeven. Fonte milagreira, gótica do século XVI, onde o noso Apóstolo aparece sentado ó xeito do do Pórtico da Gloria (*P. Gruyer. «Fontaines Bretonnes», París*). Sant'Iago foi un santo de tal importancia que o mesmo Coëtanlem (mestura de noble, comerciante, corsario e pirata) que herdara mañas e fortuna de seu tío Jean Coëtanlem (1), ó morrer arrepentido deixa unha esmola á Catedral de Compostela con obriga de ir alá a levarlla (o testamento está publicado no «*Bulletin de la Société archéologique du Finistère*», T. XIII, p. 251 e seguintes).

Xa non me resta mais que copiar a cantiga (*gwersion*) de «Don Xoan Derrién», recollida e publicada por F. M. Luzel, que foi un dos homes a quen debe mais a Bretaña enxebre. Ista cantiga aparece no seu libro «*Gwersion Breiz-Izel*», Lorient, 1868, T. I, páxina 120 e 124.

E despois deixarei par'a vosa regalia, coma un *latiguillo* de discurso, dúas versións da mesma cántiga, publicadas por Maurice Duhamel no seu importante libro «*Gwersion Ha Sonion Breiz-Izel*», París, 1913, p. 13.

(1) Jean Coëtanlem foi un corsario e pirata que despois de ser o dono do mar íuxen a Portugal, onde chegou a Almirante. Unha lenda conta que foi iste marítimo quen lle supón a Colón a existencia da América (*Aubert. «Legendes traditionnelles de la Bretagne. Saint-Brieux, 1928 p. 131*). Pol-o visto consta por documentos que os bretóns ían pescar a Terranova e a veiras do Labrador denantes do descubrimento da América por Colón.

Non deixe d'adequerir

SEGUNDO LIBRO DE COUSAS

por CASTELAO

DOM IANN DERRIEN

I

—Dom Iann Derrien, kousket a ret,
War ar plun dous, me na rann ket!—

—Petra 'zo d'ar c'houlz-ma ann noz
E-toul ma dor oc'h ober trouz?—
—Me eo ho mamm, Dom Iann Derrien,
'Zo ama 'c'h ober pinijenn;
'Zo 'c'h ober pinijenn garo
Dom Iann, 'baoe ma 'z on maro
—Ma mammik paour, d'in lavaret
Petra 'zo defaot 'n ho andret?
—Gwez-all, pa oann war ar bed-ze,
Me am boa gret ur bromese,
Da vont da zant Jakez'un Turki;
Hir eo ann hent, ha pell mont di!—
—Ma mammik paour, d'in lavaret,
Servijout 'rae d'in monet?—
—Servijou rae d'ac'h monet,
Evel ma unan, ma veen bet.—
Dom Iann Derrien a lavare
D'he dad ha d'he c'hoar, en de-se;
—Ma zad, ma c'hoar, mar am c'hoaret,
Roit d'in daou pe dri c'hant skoed;
Roit d'in daou pe dri c'hant skoed,
'N ur veaj pell 'm euz da vonet.—
—Brema ta, pa'z oc'h beleget,
Brema, ma breur, hon c'honitafet?—
—Me ia d' zant-Jakez ann Turki,
Ewit ma mamm, hag ho hini.—

II

Pa oa gant ann kent o vonet,
Un Turkian hen euz kavet:
—Daoust did pe gonitad da lezenn,
Pe vont er mor braz war da benn!—
—Me n'goutaïnn ket ma lezenn,
Pa iafenn er mor war ma fenn!—
Dom Iann Derrien a lavare,
'N kreiz ar mor braz, war he goste:
—Aotro zant Jakez benniget,
D'ho ti am boa c'hoant da vonet:
Me a roï dac'h un donezon,
A vezo kaer dez ho pardon:
Me a roï dac'h ur c'houriz koar,
A raï ann dro d'ho holl donar,
Ann dro d'ho ti ha d'ho pered,

DON XOAN DERRIEN

I

—Don Xoan Derrien, vós durmides
Docemente en leito de plumas, i-eu non
[podo!]

—¿Quén a istas horas da noite
Barulla na miña porta?—
—Son eu, vosa nai, Don Xoan Derrien,
Qu'estou eiqui a facer penitencia,
Qu'estou a facer dura penitencia,
Don Xoan, dend'a hora da miña morte!—
—Ay, miña probe nai, dígame:
Qué é o que vos compre?—
—Noutrora, cando estaba n'ise mundo
Fixera un voto
D'ir a Sant'Iago de Turquía,
O camiño é longo y-está moi lonxe d'eiqui!—
—Miña probe nai, dígame:
Serviríalle qu'eu fose alá?—
—Sí, iso serviría
Coma se alá fose eu mesma.—
Don Xoan Derrien díxolle
A seu pai e á sua irmán aquel día:
—Meu pai, miña irmán: se me queredes
Dádeme dous ou tres centos escudos;
Dádeme dous ou tres centos escudos
Porque teño que facer un longo viaxe.—
—Ay, agora que vós sodes crego
Agora, meu irmán, queredes deixarnos?—
—Eu vou a Sant'Iago de Turquía
Por miña nai e a vosa.

II

Cando ia en camiño
Atopouse c'un turco:
Escolle en renunciar á tua lei,
Ou vas ó mar, a cabeza diante!—
—Eu non renuncio á miña lei
Prefiro ir ó mar, a cabeza diante!—
Don Xoan Derrien decía
No meio do gran mar, deitado de costas:
—Señor Sant'Iago benaventurado
Eu quixera ir á vosa casa.
Eu fariavos un presente
Que sería fermoso, no día da vosa festa.
Eu donaríavos unha cintura de cera
Que daría volta a tod'a vosa terra;
A volta da vosa casa e do cimiterio

Ha d'ho holl donar benniget;
A raf un dro pe diou d'ho ti,

Iel' da skoulma d'ar grusifil—
N'oa ket he c'hir peurlavaret,
Bars ann iliz eo antreet.

III

Dom Iann Derrien a lavare,
Eu zant Jakez pa 'z arrue:
—M'am bije gwinn ha platinenn,
Ur re d' respont ann oferenn!—
N'oa ket ar gir peurlavaret,
Gwinn ha platinenn 'zo rentet;
'Zo rentet gwinn ha platinenn,
Un el da respont 'un oferenn!
N'oa ket he ofern achuet,
He vamm d'ez-han em diskonezet:
—Kendalc'h, ma mab, kendalc'h bepred,
Ene da vamm t'euz delivret!
Ene da vamm t'euz delivret!
Da ene da unann zalwet!—
Dom Iann Derrien a lavare
En zant Jakez hag en de-se:
—Aotro zant Jakez benniget,
Grit c'hoas ur burzud em andret:
Plijit gant-oc'h ma 'z inn d'ar ger,
Me roi d'ac'h un donezon gaer:
Me a roi d'ac'h ur banier-gwenn,
Vo seiz kloc'h arc'hant euz he benn;
Vo seiz kloc'h arc'hant euz he benn,

Hag un troad balan d'hen dougenn;

Me a roi d'ac'h ul lamp aour-finn,
Braoa hini vo 'n foar Kintinn,

Ha gwiskamant d'ho seiz aoter,
Hag un oferenn bep-gwener!—
N'oa ket ar gir peurlavaret,
War dreuzou he dad eo rentet;

Rentet er ger, en ti he dad,
O c'houeza ann dour hag ar goad!
He c'hoar, vel ma deuz-han gwelet
Wit hen torcha hi a zo et;
Ma deuz tapet ul lienn-gwenn,
Ewit hen torcha penn-da-benn.

E de tod'a vosa terra abénzoada,
Que daría unha ou duas veces a volta á
[vosa casa]

E viria atarse ó crucifixo!—
Axíña que rematou de falar
Foi levado á Eirexa de Sant'Iago.

III

Don Xoan Derrién dixo
Cando se veu en Sant'Iago:
—Si eu tivese viño e un cáliz
E alguén que me axudase a decil-a misa!—
Ainda non rematara de falar
E viño e cáliz lle foron dados
Que viño e cáliz lle foron dados
Con un anxo para axudarlle a decil-a misa!
Ainda non rematara de decil-a misa
Cando se lle apareceu sua nai:
—Ánimo, meu fillo, ánimo!
Libráchel-a y-alma de tua nai!
Libráchel-a y-alma de tua nai,
E salváchel-a tua!—
Don Xoan Derrién díxolle
Aquel día o Sant'Iago:
—Señor Sant'Iago benaventurado
Facede aínda un miragre en meu favor:
Que eu chegue á miña casa
E fareivos un fermoso presente.
Eu donareivos un estandarte branco
Con sete campanillás de prata nas puntas
Con sete campanillás de prata nas pun-
[tas]
E unha vara de xesta ou de ballena para le-
[val-a]
Eu dariavos unha lámpara de ouro fino.
A máis fermosa que haxa no mercado de
[Quintín;]
E ornamentos par'os vosos sete altares
C'unha misa cada sesta feiral—
Ainda non rematara de falar
Cando se encontrou na porta da casa de seus
[pais]

Foi levado á casa de seus pais
Deitando auga e sangue!
Desque o viu a sua irmán
Correu a enxugalo
Ela colleu depresa un lenzo branco
Para secalo.

—Ma c'hoarik paour, n'om torchet ket,

—Miña probe irmán, non m'enxuguedes
[máis]

Ken am bo ma c'houezenn eured;
Ene ma mamm 'm euz delivret,
Ha ma hini am euz zalwet!—
Doue d'bardoño 'nn holl anaon
'Ma he gorf paour war ar var'-skaon;
Breman ema dirag Done,
Graz d'imb holl da vonet iwe!

Qu'eu o que teño é o suor da morte
Eu librei a y-alma de miña nai
E salvei a miña!—
Que Deus perdoe a total-as probes almas.
Seu probe corpo está no taboado fúnebre.
Il está agora diante de Deus
E que poidamos nós tamén ir alá.

M. M. $\text{♩} = 100$

Dom Iann Der-rien, Kous-ket a ret, War
ar plum dous, me ne ran ket, Ma - ri -
a! War ar plum dous, me ne ran Ket.

Dom Iann Der-rien, Kous -
Ket a ret war ar plum dous, me
ne ran Ket! Pe - tra 'zod'ar c'houlz-ma an
noz, E toul ma dor oc'h o-ber trouz?



AS SOMBRAS NAIS

Toda mocidade decorre com'unha fonte baixo as aras d'unha sombra. Sombra dos castiñeiros, da eirexa do lugar, da pequena escola franqueada ó infindo latexar da campia pr'os rapaces labregos. Sombra dos soportás, das esquinas indefrentes dos Bancos orgulosas proas de navios d'alto bordo, de vellas murallas esmorenadas agarimadoras do vicio, do hospicio branco como sabán de probe, p'ros rapazes das cibdades. Sombras qu'endexamais se poden esquecer e van todo o vivir c'o home refrexadas no fondo dos ollos por moito qu'istes se laven en outros hourizontes. Fican como esenzal determinante do carauter, ás veces pouco precisabres, intuitivas, nunca eliminabres no análisis. Mais agora soño queremos considerar outras sombras mais aparentes pois acougan o desenrolo do espirito xa disposto i-endereitado car'os camiños da vida. Espertan amor ou odio, son aceutadas ou negadas, non poden ser nunca indefrentes. Aquil abogado qu'eu ben conoцин era un home coidadosos dos seus bes, atento ó seu despacho, importante persoaxe do partido conservador, home de aparencia civil completa e sadisfeita. Non lle gostaba falar do pasado e botábase de grande amigo das novidades: non dubidóu en mercar o primeiro quinqué de petróleo que vendeu na cibdade un marchante e xa na caducada vellez gozóu coma un neno dándolle ós botós da lus eleutrega. Mais tiña unha maneira especial de poñer o verbo na frase e dispoñía os axetivos como avangarda dos sostantivos; acendía o cigarro con certo rito cando s'ouvían os toques d'anemas e c'o seu

gorriño bordado siluetabase sobr'un fondo de libros en pergameo c'a seguridade do retrato do autor en certas ediciós dos séculos da monarquía absoluta. Habia no seu vivir un tempo medido por bateladas e unha oracion dita ou non dita a certas horas do día. Aquil señor fora colexial no Seminario pr'o Latín e as Humanidás e nín a algareira estudiantina da Universidá reformado n'un pseudo modo afrancesado por Moyano e Gil de Zárate lle poidera arrincar o cuño do craústro.

Pensando na Galiza do século dazanove deseguida estabrécese unha división entre os seus elementos civís. Homes criados no craústro (no colexio maior, na facultade de Teoloxía, no Seminario, hastra na pasantía de latín rexida por un escrautrado) e homes da Universidade. Manuel Anxel Corzo foi seminarista. Neira de Mosquera rillóu o latín e a retórecas dos dómines, Xohan Manuel Pintos viviu n'unha celda de convento estudando c'os dominicos d'a Cruña. Varela de Montes empregóu grande parte da mocidade á sombra do mosteiro de Sobrado e tod'a sua vida gardou non pouco do grande estilo eclesiástico apesares de tratar materias ben difrentes. No seminario de Tui crióuse aquila íntima contradiccion que acabou no suicideo de Teodosio Vesteiro Torres. Pastor Díaz educóuse de paxe na solenidade de Fonseca. O intresante Arauxo de Lira fundador do «Diario de la Marina» da Habana e morto romantecamente en desafío non foi pol'a encraustación monxe de Samos. Podería alongarse a lista, y-engadirse aquiles

outros que sin entrar nos vellos centros tradicionaes aínda os lembraban vivos e imponentes despertando amores saudosos ou feras rebeldías. O tipo universitario tardou moito en madurar, pois a universidade antiga estaba toda penetrada pol-o espírito do craustro. Abonda lembrar o famoso coarto dos libros defendidos e a severa crítica das costumes e doutrinas. A Universidade do Estado, privada da branca rosa teolóxica non foi capaz de criar un carauter semellante en forza. O estudante chapón ou rebelde debía mais a si mesmo e a tradiceon soilo se foi producindo pol'a eficacia d'algús mestres autorizados. No home vello ou maduro de hoxe non s'atopa un sentido do vivir, unha

forma social, unha costume forxada no vivir d'estudiante. Foi un dos grandes males impeditores do nacemento d'unha caste diretiva. O novo licenciado saído da Universidade era materia doada pra todol-os influxos da políteca. O tipo de *clerc* non podía crearse, ficaba sempre inicial e variabre. Agora o novo rumbo da Universidade c'as suas institucións de coloboraceón e vivir integral está en camiño de formar unha minoría carauterizada pr'a direuceón e todol-os que apenas fumos moldeados pol'o floxo vivir universitario ollamos o novo espírito como unha salvadora esperanza.

R. OTERO PEDRAYO

DEDALVS EN COMPOSTELA

(PSEUDOPARÁFRASE)

O que vou referir aconteceu coma vo-lo conto n-unha mañá de seca-fría, quinta-feira, día da Ascensión do Noso Señor do ano de 1926 da Era Cristiáa, cento e vinte anos despois da invención do Corpo do Santo Apóstolo Sant'Iago Zebedeu, e sendo o autor d'iste escrito de corenta e un anos.

Día nebracento e fresqueiro, con moito gando en Santa Susana e rapazas de trenza c'unha lazada no cabo andando pol-as rúas de tenda en tenda.

Foi a segunda vegada qu'atopei a Stephen Dedalus. Il já estivera aquíl inverno no meu despacho d'Ourense Sto. Domingo, 47, 2.º, en corpo e alma, co-a sua barbiña e os seus anteollos, e a solapa do sobretodo subida, con chapeu negro, e d'un geito que semellaba qu'iba enloitado, sen estalo... O certo, pra contar verdá, é qu'esta sua presenza colleu realidade no terceiro mundo dos tres mundos inteiros de cada home, a saber: Mundo sensíbele, Mundo inteligíbele, Mundo maginábele (asegún algús: previsíbele), triple micro e cecaís non macro cosmo—ao menos así pensaba eu d'aquela—; mais pr'o

caso d'esto escribir, tanto ten, ademais de que sempre será unha caste cofecida e non nova de realidade a realidade do terceiro mundo... Ocupada a camilla pol-os que jogaban a *mah-jongg*, cómplices meus no pecado d'orientalismo, Stephen Dedalus acomodouse na gran mesa Luís XVI, un pouco alemana por ter sido collida d'un modelo alemán, e acugulada de libros, revistas, brochuras, papeis, boletís, jornais, cartas, tarjetas, secantes, colillas e un dobre decimetro que sirve pra pôr a escala ás plantas das eirejas románicas. Somentes que cand'estivo na miña casa, tiña Stephen corenta e tres anos ben cumpridos, e cand'o atopei en Santiago algún tempo despois, tiña dazanove anos, misteiro que ben se poderá enxergar sen botar contas en col da relación matemática dos anos de Stephen Dedalus cos anos de Leopoldo Bloom; abonda con porse na realidade das cousas e já está, porque resulta probado que non somentes unha reversión do tempo é teoricamente posíbele na físeca matemática, senón que realmente unha tal reversión acontez realmente no ensoño, d'on-

de se deduz qu'o espírito pode lér no libro do tempo pra trás ou pra diante, atal é coma se lén as escrituras aryas, ou atal coma se lén as escrituras semíticas, sen qu'o escrito perda a súa sinificazón, anque cecais o misteiro do acontecer se puñera craro pra aquíl que supera lér d'enriba embaixo, coma se lén as escrituras mongólicas.

Tampouco penso en que seña estrano atopar con Stephen en Compostela, onde poida que haxa mais de un.

O caso foi coma vou referir: surtín eu d'unha tenda d'ultramariños da Azabachería, toda chea de latas ordeadas com'os libros d'unha biblioteka. A semellanza non está somentes na ordeación en alzadeiros; está mais aínda en que as latas co-as súas etiquetas e rótulos e co que levan dentro, teñen algo de libros de Historia Natural, ond'a Natureza está tan morta coma nas latas e nos cadros de moitos pintores, tanto dos que pintan naturezas mortas, coma dos que pintan naturezas vivas que saen mortas, Din a volta pol-a Praza do Pan, onde Cervantes, seccionado e estilista, está no meio da fonte, oujeto d'arte propio pra premeo de Certame Literario, se non fora o coste do carrito, e tomei pol-o Preguntoiro, e despois d'unha pausa no 32, baixo, tenda d'óptica, baixe pol-a Calderería, e logo por Tras de Salomé á Rua Nova. Pasei o Pórtico de Salomé, sacando o chapeu ao pasar diante da porta, e na librería do lado estaba Stephen.

Hora e meia andivemos en amor e compañía por baixo dos arcos da Rua Nova, d'aquela desertos e doados pra qu'o espírito camiñe mais do que camiñan os pés, pra deixalo voar com'un papavento, sempr'un tendo mau da corda, sen frenar de mais.

Tristeiro coma de cote, Stephen falaba; e eu falaba co-il, sen medo ningún, e vou pór eiquí a nosa conversa pra instrucción d'escariados.

E dixo Stephen Dedalus:

—Já sei que te non estrana o verme eiquí. Comprendes qu'eu seña o último romeiro de Sant'Iago. Arelo qu'o meu corpo descansa a carón do corpo do Apóstolo, porque ben visto, já pouco me queda por facer no mundo mais que morrer, e morrerei eiquí, coma

Gaiferos de Mormaltan, ou coma Guillaume d'Aquitania. Quero descansar na vosa cova, ser enterrado eiquí convosco e co-a vosa y-alma. D'eiquí pra diante, já non virán eiquí mais que turistas; o tempo dos pelegriños pasou pra sempre, eu quero sel-o derradeiro.

E dixeron eu:

—Quero que m'espriques tres cousas: primeira porqué, sendo asína que t'andas pol-o mundo fugindo da Cruz, vés eiquí en procura da soma do Santuario.—Segunda, porqué, se precuras o Santuario, nono precuras na tua terra.—Terceira, porqué, se fuges dos homes da tua raza, vés eiquí, antre homes da tua raza.

Dixo Stephen Dedalus:

—Cada unha das tres preguntas que me fas contén ademais un suposto, e a pregunta pende d'ise suposto, porque pensas que hai unha contradición antre ise suposto e a miña conduta. Na primeira pregunta, o suposto é certo e verdadeiro. Eu ando pol-o mundo fugindo da Cruz; nin na vida nin na morte, quero ser da Santa Compañía.

Dixeron eu:

—Iso proba que t'as sabes ben o que representa o misteiro da Santa Compañía, que non é mais que a Eireja Padecente que se fai visíbele pr'as almas non contaminadas, ou pr'as almas perdidas de todo, o qual ata certo punto ven ser equivalente. Mais d'aquela debes saber tamén, porque se cho non deprende a singeleza, deprenderíacho a picardía, que cand'un camiñante atopa a Santa Compañía, pra que lle non metan a Cruz, abre os brazos en cruz, e berra: «Esta é a miña Cruz!»

Dixo Stephen Dedalus:

—Nin xiquera me compre abril-os brazos: eu son a miña Cruz. Eu son a miña penitencia, a miña pena, o meu castigo, o meu verdugo, a miña condenazón.

Dixeron eu:

—Distingamos: cand'un anda co-a Cruz, devece o corpo e esmorece a y-alma; mais sálvese o home. Que já sabes que o home real e verdadeiro non é o corpo soilo nin a y-alma soila, senón o composto, e o que se ha salvar é o home composto d'alma e cor-

po, e por iso é pol-o qu'está disposta a resurreizón da carne.

Dixo Stephen Dedalus:

—Ben sei. Mais atrás da Cruz anda sempre o demo. Ao fillo do ladrón d'Armenteira, cando foi restituir a Cruz que roubara o pai, e lle fallaban as forzas no camiño, o demo ajudouno ata que deixou a Cruz na eireja, mais tan logo como a restituíu, levouno o demo... Mais s'eu son a miña Cruz, como m'hei arredar d'ela pra que me leve o demo?

Dixen eu:

—Cand'un home por levar co-il cruces ou reliquias, non pode entrar no inferno, anda a procura d'unh'alma caritativa que lle tire a Cruz que leva.

Dixo Stephen Dedalus:

—Mais eu, o único bendito que levo comigo é o meu sangue celta. Namentras me non tiren o meu sangue celta, me non poderei arredar da Cruz; no meu sangue está a miña cruz, e namentral-a miña vontade renega da Cruz, o meu sangue vai car'a ela, e cola d'ela com'a seiva d'un arbre decotado na forza da vida en primaveira; porque a nosa raza é tamén un arbre decotado, é tamén un Cristo enclavado na Cruz a deitar sangue; baixo das águilas do Imperio e o trunfo dos Césares, a nosa raza é a viva imaxe de Cristo crucificado.— E eiquí tes a solución do primeiro dos tres problemas que me puxeches: eu ando pol-o mundo fuggindo da Cruz, sen qu'o meu sangue me permita arredar d'ela, senón que constantemente turra de min car'o Santuario. Velei quí a primeira razón, que é a razón psicológica; mais hai aínda outra razón, que é a razón metafísica: ja o dito vulgar, que citei enantes, respondendo ao teu segundo argumento, diznos qu'atrás da Cruz anda sempre o demo. N-efeito, o demo se non pode arredar endejamais completamente de Deus por mais que queira. O demo ten a vontade arredada do seu ser; a sua vontade é a que está no inferno; quen sabe s'o seu ser verdadeiro non sigue aínda no ceo?... Pois ben, así com'o demo se non pode arredar inteiramente de Deus, asina eu, que son do demo, me non podó arredar tampouco moito da eireja. Sinto algo que turra de min car'a

ela, car'a liturgia, car'a teología, car'a filosofía escolástica, car'a erudición conventual, car'a disciplina dos claustros; me non podó escapar d'ise circo mágico, por mais que faga...

Dixen eu:

—A pauliña que leva o demo Satanás, é o ser unha criatura de Deus.

Dixo Stephen Dedalus:

—Por iso quer sempre o mal e sempre fai o ben.

Dixen eu:

—Nunca comprendín ben ise dito de Goethe. O qu'acontez, é qu'o poder do mal é limitado. O foguete fuge da terra ata que remata a pólvora da subida.

Stephen Dedalus calou, e eu tamén fiqui calado. Seguimos camiñando car'o Toural. Na esquina, por fronte ao posto onde venden os jornais, paramos unha miga. Pasaban algú por baixo dos arcos do cantón, vindo das Huérfanas. N-esto saquei un cigarro e ofrecín outro a Stephen. Non-o quixo.

—Non se debe fumar. O tabaco é un veneno e o fumar un gasto tonto. Nin se debe fumar, nin beber. Hai que conservar o corpo san e limpo. Debemos combater todas esas feblezas da vontade.

Dixen eu:

—Era n-outro tempo; agora já non. Eu non teño vicios. Pra qu'os quero? Anque che pareza mintira, hoxe os homes já van tendo menos vicios, porque já lles non fan falla. Atoparás já moitos que non fuman, nin beben viño, e aínda bastantes que non comen carne. Tocantes aos outros pecados, has reparar que se dan moito mais en homes de certos anos. A mocidade é moito menos pecadenta do que era no teu tempo... E a cousa espícase ben: o vicio já non serve pra se condenaren os homes. Os d'antes, sendo mais fortes e resistentes, aturaban aínda de vellos unha vida de vicio e podían morrer sen arrepentimento; os d'agora, que conservan a saúde a poder de réjime dietético, d'higiene e de sport, poderán faguer algú anos unha mala vida, mais o seu corpo logo cansa, e teñen que vir ás boas. Esta é a razón física. A razón metafísica é qu'o vicioso, ao fin, é un home qu'aceita os dons de Deus; poderá abusar d'iles, poderá ser egoís-

ta e desagradecido, poderá ser hipócrita, mais non é soberbio. O soberbio non ten vicios, o soberbio é pulcro e impecábele. Por esta causa, os homes, conforme se vaian afastando de Deus, han ter menos vicios, e por iso ves trunfar as Sociedades de Tempranza e as institucións fomentadoras da moral pública. Já verás como se ha prohibir a prostitución, hase perseguir o opio e a morfina e a cocaina, e non ha haber bailes, nin teatros, nin cabarets. Os homes futuros han ser abstemios, vegetarianos, castos, honrados, tolerantes, ben pensados e ben falados, e as mulleres honestas e traballadoras. Han semellar santos e han ser verdadeiros condanados.

Dixen eu:

—Já dín qu'o Antecristo ha remedar ao Cristo.

Dixo il:

—Estamos divagando. Imos á tua segunda pregunta, de porqué non precuro o Santuario na miña Terra. Respondo: do mesmo xeito que fujo da Cruz, fujo da miña raza. Primeiro: porque a raza é un vencello e eu quero ser libre; segundo, porque a miña raza é a imaxe viva de Cristo, e eu quero sel-a imaxe do Antecristo. Respondo aínda: do mesmo xeito que fujo da miña raza, fujo da miña terra. Primeiro, porqu'a miña y-alma afogábase n-ela...

Atallei eu:

—Iso pásalle a todol-os literatoides de provincia. Canto mais pequena é a y-alma, mais espazo quer.

Dixo il:

—Por certo. Non podo negar que m'imito aos literatoides de provincia. Já sei que é un defeito, unha mágoa. Non sería quen son se non tivera lixo; d'aquela non podería ter nado de muller.

Dixen eu:

—Tamén Maldoror pensaba qu'era mais que iso...

Dixo il:

—Me non poñas en comparanza c'aquil probe home, qu'asegún León Bloy non mereceu ir ao inferno. Eu son outra cousa: de propia vontade, con toda conciencia, cheo de siso, co-a miña carne mortal inteira, cos meus cinco sentidos corporais, co-as tres po-

tenzas da miña y-alma, escollín a condenación. Teño já meio corpo mergullado no inferno; d'un instante á outro, o meu pai adoutivo d'aló embaixo turrará por mín, e abur!... Me non atalles mais, se qués que che responda ás preguntas. A miña terra era pra mín un nó de silencio da gorja, unha mortalla no corpo, e uns grillons nos pés e nas maus. Ademais, aquiles homes queren ser, e eu quero o non ser; aquiles homes soñan e fan unha pátria, e eu son o home que se non quixo agionllar diante da súa nai morta.

Dixen eu:

—Tamén eiquí hai unha nai morrendo, e moitos fillos que se non queren agionllar diante d'ela.

Dixo il:

—Ben sei. Já non precisas que ch'esprique a tua terceira pregunta.

Ditas estas verbas, seguimol-os dous en silencio ata o cabo da rua sonora de tan calada. Despois pol-a Conga, a Quintana, as Platerías, a Praza do Hospital—Montero Ríos estaba o día aquí invisíbele—e por debaixo do arco, de novo á Azabachería, e un pedazo pol-os soportás que dan riba do patin da Catedral.

Stephen Dedalus volveu falar:

—Por iso que dixecheis denantes é pol-o que eu, fugindo dos homes da miña terra, veño eiquí precural-os homes da miña raza. Olla: alá na miña terra, os meus irmaus camiñan car'o ser. Eiquí todo camiña car'o non ser, pol-a vontade e pol-a industria d'istes meus irmaus d'eiquí. Istes son os meus. Veño eiquí gozarme no suicidio da miña raza. Por iso, porqu'eiquí todo corre á perdición, quero vir eiquí morrer, vivindo antre mortos os meus días derradeiros. A d'íles, que já non son d'eiquí, é a miña verdadeira patria.

Dixen eu:

—Será a patria dos sen patria.

Dixo Stephen:

—A miña patria é a patria dos sen patria.

Dixen eu:

—Os sen patria non son dinos d'amore.

Dixo Stephen:

—Nin lles quero nin-os odio. Sendo a quentura a propiedade do amor e do odio,

e sendo a friage a propiedade da soberbia; sendo a quentura e a friage dous aicidentes contraditorios que mutuamente s'escruen un ao outro, de geito que se non pode dar cousa ningunha que seña a un tempo fría e quente, com'a miña natureza é fría, non podo sintil-a calor do amor nin a do odio. Tampouco pode ser, porque non son soberbios, e pol-o tanto non dan razón oujetiva pr'o amor nin pr'o odio. Iles nono fan por soberbia, senón por incoscencia; van movidos pol-a indución da gran máquina oficial en cuio campo magnético viven anque non estean directamente coneitados co-ela, ou singelamente por mimetismo, com'as monas. Eu divírtome co-iles, e por iso vou tomar café na sua compañía no Quiqui Bar.

Dixen eu:

—Porqué n-ise café precisamente?

Dixo Stephen:

—Porque é d'unha arquitectura odiosa.

Dixen eu:

—Vulgar, nada mais.

Dito Stephen:

—Non hai tal. Aquela arquitectura realiza bastante ben a contra-estética.

Dixen eu:

—É que é a contra-estética?

Dixo Stephen:

—Compre distinguir entre *contra-estética* e *an-estética*. A primeira, incosciente e involuntaria, é un fenómeno universal nos nosos días, está nas maus de calquer *americano* que volve d'alá, coma de calquer ditador oriental, chámese Mustafá Kemal ou Amanullah. A segunda non pode ser abranguida mais que por naturezas geniás, coma Le Corbusier: esas casas que fai Le Corbusier, que semellan cómodas cos caixós abertos, son a an-estética realizada na arquitectura. Unha e outra opóñense á beleza: a anestética suprime, a contra-estética derrámaa. É o caso do Quiqui Bar... Tamén me gusta unha casa que hai no Preguntoiro, e algunhas outras mais.

Dixen eu:

—A beleza é o esplendor da Face de Deus espellándose nas criaturas.

Dixo Stephen:

—Por iso hoxe os homes quereña desbotar de todo... Mais imos á Catedral. Eu gozo co-

rendo risco, por iso ando sempre arredor da pia d'auga bendita; bebería n-ela de boa gana, com'o cabalo d'Almanzor... Se non estivera chea de microbios...

Dixen eu:

—Mais o demo gózase na podre, e na porcallada.

Dixo Stephen.

—Tamén iso era n-outro tempo. O demo agora fíxose moi pulcro. Veleiquí a verba.

Dixen eu:

—Esa verba emprégana eiquí todol-os filósofos.

Dixo Stephen.

—Ben sei. Principalmente os neo-idealistas. Mais esa verba de cuarto de baño, que evoca o grifo, o water-closet, o irrigador, o bidet e a bobina de papel, venlles do materialismo práctico. Tocantes á podre, o demo non-a pode amar, porque é a descomposición da materia, e ademais porque por unha beira, a podre produz nova vida, e por outra porque n-ela, coma no sofrimento, a materia espiritualízase: é o caso tan cofecido do Cristo de Grūnewald e do cadro de Valdés Leal no Hospital da Misericordia de Sevilla...

Cruzabamos o patín da Azabachería. Entramos na Catedral demol-a volta pol-o Pórtico da Gloria, sen ollar Stephen tan xiqueira pr'as figuras. Somentes, voltándose car'a banda da Epístola e ollando a parede lisa, dixo:

—Iste é o lugar do San Cristobo. Eiquí non-o hai; vós en troques téndelo n-Ourense. Din que o San Cristobo tiña cara de cán; o que m'ha levar a min ten cara de coello...

Andivemos car'a cabeceira e entramos na girola. A portíña por ond'un baixa car'o Sepulcro estaba aberta, e baixamol-os dous.

Diante da y-arca de prata, as luces arden-do quedas e inmóbeles, que aluman sen que se sintan arder, semellan lámpadas perpétuas.

Stephen enmudeceu á entrada, e púxose branco coma papel. Co-a voce tremente e baixa, dixo aigüña:

—Non. Imos, imos d'eiquí. Pronto.

Surtimos, e cando se repuxo, dixo:

—Non podo estar embaixo. Alí hai algo;

d'alí sai unha forza que non podo aturar. Alí síntese a eternidade.

Dixen eu:

—Síntese a eternidade do Espírito e a eternidade da Terra. Olla logo que non importa todo canto fagan os desleigados, porque non han poder suprimir o que é eterno na mente de Deus. A Terra é eterna na lembranza, e a y-alma é da natureza da lembranza que é a súa esencia, e o lugar da lembranza é o Entendemento divino, realidade das realidades. Ahí embaixo témol-a promesa de qu'a lembranza ha reencarnar, e tanto ten qu'as almas d'hoxe estean esquecidas, porqu'esas almas non han estar sempre n-iste mundo, e outras han vir, e algunhas já están eiquí, anunciando os tempos. E os teus tempos han pasar, e se cadra aínda enantes que morras, has vel-o trabucamento e o erro no teu camiño.

D'aquela já se repuxera Stephen, e respondeu:

—O meu camiño está escolleito d'unha vegada pra sempre. Tanto tén que seña bó, coma ruín. S'é unha cousa ou outra, nen tí o sabes, nen eu tampouco. Pra calquera lado que me leve, hei ir sen remordimento. O que che digo de certo é que ahí embaixo non hai mais qu'unha cova onde toda lembranza e toda esperanza fican soterradas pra sempre. Por iso, anque fujo d'ela, eu amo esa cova, e dend'eiquí pisoa cos meus pés.

Dixen eu:

—Manqu'así fora, esqueces a resurreición da carne e'a restaurazón que ha vir de todas as cousas no terceiro Reino: a *Apocalástase*.

Dixo il:

—Iso cheira a doutrina platónica. E mais tí dixeches unha vez que nós non podíamos comprender a Platón.

Dixen eu:

—Mais podemos comprender a San Agustín.

Dixo il:

—O qu'eu digo é que o terceiro Reino ha ser o do Antecristo.

Dixen eu:

—Ise non é un convencimento, senón un desejo. Eu comprendo ben que o qu'escolleu o inferno, queira que todos vaian a il, que é o que quer Satanás.

Dixo il:

—Quere, mais é por amor. Satanás ama aos homes con amor infinito, e quer que todos señan pra il. As penas do inferno son os espasmos do amor sádico de Satanás... De qu'un empeza a servilo, ja encomenza a sorrir, porque Satanás é unha fonte sen fin de amor que dá sempre sen esgotarse, e coma non ten mais que door, somentes dá door. Eu que m'entreguei a il sen pauto, por libre donazón graciosa do meu ser, non por iso fiquei sen paga: levo comigo seu don; deum'o desacougo pra sempre. O qu'eu encomecei a sentir cand'aínda era un santo na Illa dos Santos, e que me leva pol-o mundo fugindo da lembranza que ven decote comigo com'unda fada, pungente no curazón com'aquil cravo que levaba Rosalía... Teño medo qu'esta lembranza me non deixe entrar no inferno, com'o hábito dos empanados; quixer deitar fora tod'o meu sangue, tod'a sustanza das miñas células... Coñezo un crego, perto do Ferrol, qu'estudou as ciencias ocultas; cecais il, pol-o poder da mágica preta liberal que todo fai, poida evocar o vampiro que deixe meu corpo resequido com'a momia d'aquil Faraón que pagou na Alfándega inglesa coma peixe seco, asegun refiren Eça de Queiroz e Dmitri de Merejkowski; mais pouco importa, porque non hai un átimo no meu corpo que non seña de sustanza gaélica... E despois de todo, se non houbera inferno? E que mais terá qu'o inferno estea no centro da terra que qu'estea eiquí?

Despois bateu c'unha mau na columna, e dixo:

—A pedra de grá é ben dura, ben apertada, resiste ben. Semella que pra ela n'hai tempo. O tempo que rilla, que desfai e que esfarela. O outro todo é doado n-esta terra; mais non haberá no mundo quen queira facel-o gasto preciso pra destruír estas pedras a poder de dinamita. Cantas toneladas farían falla? Semella isto unha revolta da materia contra de Satanás. Veleiqui outro punto difizle que me preocupa.

Dixen eu:

—Antes desfarás a pedra grau por grau, que matal-o espírito que vive n-ela e a mantén ergueita. Bota abaixo todas estas torres

e todas estas columnas: o espírito volverá er-
guer outras tantas; queima todol-os libros;
o espírito volverá facer outros novos. E con-
tra o espírito nada pode Satanás.

Dixo il:

—Contr'o espírito combate o espírito. Sata-
nás é unha parte do espírito revoltada contra
do espírito todo.

Dixen eu:

—Ise esforzo de negazón é de revolta está
fadado a perderse no propio valeiro qu'anda
a precurar.

Dixo il:

—N-iso está o seu trunfo.

Dixen eu:

—E n-iso está a fundenza da paz derra-
deira.

D'aquela, Stephen Dedalus e mais eu fixe-
mos as paces. Stephen mergullou os dedos
na pia da auga bendita e ofreceuma, e eu
fixen o sinal da Cruz.

Pode qu'algúen dea com'apócrifas —coma
se foran as de Stressmann— estas decra-
ciós de Stephen Dedalus. Il non-as ha negar,
porque anque todos seamos hipócritas en
iste mundo cando falamos de nós mesmos,
Stephen Dedalus non debe ser hipócrita, se
non quer deixar de ser soberbio. Tocantes
aos demais, eu non respondo da autencidade
empírica d'estas decraraciós; respondo da

sua absoluta necesidade metafiseca. Non hai
mais qu'ajuntar o que sabemos de Stephen,
pra deducirmos lógicamente, con seguranza
crítica todas e cada unha das verbas que en
iste escrito lle son apostas. Ademais, eu
non son tampouco culpante de ter lido de
cabo a rabo o *Portrait of the Artist as a
young man*, que o mesmo Dedalus m'obri-
gou a mercar aquil día na tenda de libros da
Rua Nova. Pode tamén que Stephen Ded-
alus houbera falado d'outro geito en Dublin
ou en Zurich; en Compostela é seguro que
falou com'eu digo, e non podería falar d'ou-
tra sorte, sen deixar de ser il quen é asegún
o *Portrait*, e sen deixar de ser o que é Com-
postela asegún a verdade.

Tamén é certo que pol-as circunstancias
especiáis da miña vida —o anecdótico— eu
tiña por forza o día aquil qu'atopar a Step-
hen Dedalus; e que se dixen ao comenzo que
a presenza d'il collera realidade no terceiro
mundo interior, o qu'iso quer dicir é que foi
n-ise mundo on'd'eu o *percibin*, non que fora
do meu ser non fôra a súa unha presenza
real en corpo e pensamento, en carne e óso,
o qual ben podeu acontecer, embora tampou-
co eu poida asegurarl-a realidade empírica
do feito.

E despois de todo, se cadra, pode que non
seña tan fero coma il se quer pintar...

VICENTE RISCO

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

TRES PORQUÉS SABIDOS DO POBO

I

PORQUE SAN PEDRO FOI CALVO

Cando Dios e San Pedro andaban pol-o
mundo houbo caso que tiveron fame.

—Pedro—dixo Noso Señor—vés alí can-
to fumea aquel tellado; chégate alá que

estarán cocendo e prégalles algo por amor
de Deus.

Foi San Pedro e déronlle unha bola pate-
liña, quente que pelaba; mais co-a cobiza da
fame, agachouna debaixo da pucha, voltan-
do maus valdeiras.

Calou Noso Señor e seguiron seu camiño
paso a paso, San Pedro degorábase por pe-
liscar na boliña; pero cada que o percuraba
as furtadelas, faláballe o Señor de calquer
cousa:

—Pedro, cata unha paleira de cobra.
 —Pedro, non sei se aquel melro será melra.
 —Pedro, mira que millíño tan serodio.
 —Pedro, estes carballos ¿son de pola ou son de landra?

—¡Son de Xuncras que me leve!—estoupou o Apóstolo—Tome,

ehi vay a bola, que queima que esfolo,
 que me leva o curuto aburado,
 je o degonio que cargue co-a bola!...

Noso Señor botóuse a rir dicindo:

—Pois agora come canto queiras e mírate no primeiro regato que atopas.

Así o fixo San Pedro e... tiña toda a cachola pelada.

II

PORQUÉ A LÚA ESTÁ MARXADA

Cando Dios e San Pedro andaban pol-o mundo sei que lles escureceu n-unha senra. Como a noite viña nubra non se vía miga, inda que houbese luar, e San Pedro dou tal cotenada que quasi racha a dida dun pé. Layando, destocóuse:

—¡Vállame San Pe..., digo; vállame San Xoan! Esa lúa non alumea...

E encarándose ó ceo dixo deste xeito:

Vaite lúa, faite sol
 e escrarece este arredor.

No punto, unha albeira craridade delurou sobre da terra. Noso Señoríño que iba diante, ollou no Apóstolo por derriba do lombo decíndolle muy mansiño:

—Pero home, sei que eres parvo ¿non ves que estoncias non habería noite?

E collendo unha presa de xabre guindóulle a lúa. Noso Señoríño afitaba; o xabre dou de cheo e a lúa quedóuse esmorecida e escarapolada.

III

PORQUÉ O PAN DE MILLO NON ESPILE.

Cando Dios e San Pedro andaban pol-o mundo díronlles pousada na casa de un marulán.

A dona, muller mui xerpa, recibíunos recachando o fociño.

—Vostedes ¿non serán de xosticia, non? Nin deses que chaman desvestirigadores...

—Señora —atalhou San Pedro— somos

dous probiños camiñantes que imos pol-a vida, este a percura de unha crus y-eu na de un galo.

Reparóunos a muller con desconfío e como tiña o forno roxo comenzou a enfornar petadas que daban xenio. O apóstolo relambiase, porque era algo lampantín, e o marulán dixo a sua dona:

—Muller, fáilles unha bica a estes probes, que están alampando.

—Será das raspas de aquela maseira, e conta que son de pan trigo.

Rosma que rosma, fixo un boliño coma un ovo e deixóuno no remoado. Despois pechou o forno coa trapela rezando o Padre nuestro, e acabado, Noso Señoríño ergueo a man dreita, marmulando:

Millo eres, millo serás,
 por mais que te amasen
 non espilirás.

Logo que a fornada estivo coita, o boliño medrara hastra volverse fogaza e os pans de millo restaron no seu ser, que dend'aquela nunca mais o millo espeleu.

ARMANDO COTARELO

CHOVE NA EIRA

Chove, chove na eira.

O palleiro durmiuse co sono dos pequenos, e os fungueiros do carro que fica na ester[queira,]

choran con tantas bágoas como choran os [nenos.]

O can durme deitado
 debaixo do pendello,
 un cocho fura os toxos co fuciño mollado,
 e os polos agarímanse na porta do cortello.

Chove, chove na eira,
 e o ceo de chovere síntese xa cansado,
 e orballa pouco a pouco, mentres brisa a [pradeira]
 unha noite de inverno no seu colo mollado.

FERNANDO PÉREZ GÜERRA

Imprenta NÓS, Real 36-1.ª, A CRUÑA

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés 50
A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Xa apareceu

o segundo libro de

C O U S A S

por CASTELA0.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escrúpsiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todol-os estabreci-
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina
CIRUJANO

y **D. Antonio M. de la Riva**
GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura
Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o
"Jabón Sales de la Toja",
único que ás súas altas calidades
meicínas xunta toda a finura e pre-
fume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto des-
enrolo das criaturas e evi-
ta o perigo da escrófula e
o raquitismo.

JABÓN
LA TOJA
UNICO EN EL MUNDO



O Xabazón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

Reembolso



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Delnador

Véndese en todas las
Boticas, Droguerías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos-camas de
todol-os três

As mais indicadas en casos
de artitrismo, desnutrizón, diabetes,
obesidades diversas, doenzas do
aparello dixestivo, anemia
e neurastenia

Riquísima auga de mesa
gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO
a 35 kilómetros de Vigo